# Las academias enfrentan las próximas oposiciones con una enseñanza mixta

## Estudiantes de otros concellos se desplazan a Santiago para asistir a clase

### Los centros tienen listas de espera por la falta de espacios y preparadores

Los anuncios de oferta pública hacen subir como la espuma el interés en opositar. Este año está previsto que las de Educación del 2020 se celebren en junio y las que se convoquen este 2021 para el siguiente se podrían conocer a lo largo de este mes. «Hai un paquete grande da Xunta que inclúe as do Consorcio galego. Aí están as Galiñas azuis, atención a maiores ou servizos sociais», explica Alfonso Villares, de Nós, sobre unas plazas que llevaban tiempo sin sacarse. «Ao saír esa oferta, todo o mundo acudiu e xa hai lista de espera porque non temos tantos preparadores», añade Villares. Además de la falta de personal, las academias hacen frente a una limitación de aforos y espacios, por precaución sanitaria, que condiciona en gran medida el número de grupos posibles.

**B. CASAL**
SANTIAGO / LA VOZ


Las academias detectan un aumento de interés tras las últimas ofertas de empleo público. FOTOS **PACO RODRÍGUEZ**

Como una rutina odiada y querida a partes iguales. Así viven los opositores su día a día de estudio, con sacrificio y mayor o menor vocación según el caso, pero con una idea que se repite constantemente: para sacar plaza, sea cual sea, hay que estar centrado en la oposición. Y para ello, las academias ofrecen una enseñanza mixta que se adapta a las necesidades de cada estudiante. Las clases virtuales conviven con las presenciales, aunque estas últimas siguen atrayendo a muchos opositores que se desplazan a Santiago desde otros concellos.

«En número de alumnos, estamos igual que antes, mesmo empezamos grupos novos. O noso sistema é mixto, así que a xente pode escoller se vir presencial ou asistir virtualmente en directo», explica Alfonso Villares, de Nós Oposicións, que cifra el seguimiento en línea en un 60 % de los matriculados. Entre otras ventajas, ese modelo dual permitió que algunos alumnos en cuarentena por contagios externos pudiesen seguir con su formación desde sus domicilios. Y es que dadas las circunstancias, los centros plantean opciones para todos los gustos: desde los que necesitan el tú a tú con profesores y compañeros hasta los que prefieren guardar toda precaución posible. En el caso de la Academia Postal hay tres modalidades: grupos solo presenciales, solo virtuales o mixtos. «Ante calquera imprevisto, podemos pasar a virtual. As clases e os horarios son os mesmos, só que os trasladamos ás casas», explica Félix Doce, responsable de gestión de oposiciones en la Postal, que recalca el tirón de la asistencia física. «Chamounos a atención que a xente segue querendo presencial. Recentemente saíu unha oferta importante, que é a da Xunta, e pensamos que habería moita xente que preferiría quedar na casa, pero moitos seguen pedindo vir en persoa», explica Doce. Entre las razones para seguir optando por lo presencial, tanto en Nós como en Postal coinciden en que «o trato directo con profesores e as dinámicas de grupo cos compañeiros seguen gustando e tirando moito», apunta Villares.

En cuanto al ánimo y las intenciones con las que llegan los opositores hay de todo. Los que acudían con una idea clara ya no son tantos como los que se pasan a preguntar qué pueden preparar. «Aquí vai moito a golpe da prensa ou do DOG. Se anuncian oferta, a xente vén e pregunta que dixo Feijoo», señala el responsable de Postal, que destaca la importancia de explicar bien las convocatorias. «Hai xente que ve 2.500 prazas de Correos, pero logo tes que decidir onde te apuntas e só hai 15 ou 20», matiza.


Alicia desprázase a Santiago desde Caldas de Reis porque prefire o presencial.

**ALICIA MARTÍNEZ** OPOSITORA DE INGLÉS

## «Como o presencial non hai outra cousa»

Desde Caldas de Reis desprázase todas as semanas Alicia Martínez, de 37 anos, que oposita na academia Nós para profesora de inglés en primaria. Leva desde outubro preparando unhas probas que espera que saian este mesmo verán. «Empecei en liña polo tema de non desprazarme e reducir os contactos ao máximo, pero a verdade é que logo cambiei porque como o presencial non hai outra cousa», afirma Alicia, que é nai de dúas nenas e explica que centrarse na casa ás veces resulta un tanto problemático. «A cousa se complica un pouco máis para facelo desde a casa», engade. Por outra banda, esta opositora tamén destaca outro punto forte da ensinanza presencial, que é «a colaboración entre compañeiros, porque un pregunta unha cousa e outra propón outra, e todo iso penso que se perde desde a casa».

Sobre as razóns que a levaron a opositar en tempos de pandemia, Alicia conta que despois de anos dedicados á docencia, quedou sen traballo no verán, cando traballaba nun colexio. Agora encontra o momento de facer o que levaba anos adiando por unhas razóns ou por outras: «Isto é o meu e estou decidida a sacar praza», conclúe.


Arancha considera que o contacto coas compañeiras facilita a preparación.

**ARANCHA RODRÍGUEZ** OPOSITORA DE GALEGO

## «Ir e estar na aula axuda a levar a rutina»

Arancha Rodríguez tamén é das que prefiren a presencialidade. «É como mellor me entero», resume esta opositora de 31 anos, que se prepara para dar aulas de galego na secundaria. No seu grupo son 25 persoas e arredor da metade asiste fisicamente. Ademais do trato con profesores e compañeiros, Arancha tamén destaca «cousas que non o parecen, pero son importantes, como a imaxe ou son, que se poden desvirtuar na distancia». Alén diso, a presencialidade supón unha rutina que para esta opositora é fundamental: «Empecei en outubro e non me matriculei para as oposicións deste ano, así que aínda teño que esperar outro máis. Ir a clase e estar coas compañeiras que xa se preparan para estas axuda a levar a rutina», confesa.

Antes de opositar, o seu traballo estaba na Universidade cunha bolsa predoutoral, polo que o contacto coa docencia xa lle vén de atrás, pero despois do verán decidiu que había que buscar estabilidade. «Son xornalista de formación e pensei en buscar nalgún medio, pero as cousas están como están. A nosa xeración viviu a crise do 2008 e estamos fartas da inestabilidade constante, por iso vemos que agora é o momento de opositar», explica.